


# ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL 3º ESO

## COÑECEMENTO DO SISTEMA EDUCATIVO

De cara ao vindeiro curso teremos que tomar algunhas decisións importantes para o noso futuro académico e profesional. Estas decisións faranse efectivas no momento en que formalicedes a matrícula, polo que sería importante que primeiro reflexionáramos sobre algunhas cuestións relacionadas tanto con nos mesmos como co sistema educativo para tomar unha decisión satisfactoria.

Invítovos a que leades esta información . Se tedes dúbidas podedes contactar comigo a través do meu correo electrónico: [rcampo@edu.xunta.es](mailto:rcampo@edu.xunta.es), o meu teléfono: 886128648. ou a través de video conferencia. E en canto poidamos de maneira presencial.

1. Empezamos repasando como se configura o Sistema educativo actual:



2. E agora como se organizan os itinerarios en 4º da ESO

<b>MATERIAS COMÚNS</b>	
Xeografía e Historia Lingua Galega e Literatura Lingua Castelá e Literatura Inglés Educación Física Relixión ou valores éticos	
<b>ITINERARIO ENSINANZAS ACADÉMICAS</b>	<b>ITINERARIO ENSINANZAS APLICADAS</b>
Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas  (elexir dúas)  Física e Química Bioloxía Latín Economía  +2 optativas	Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas  (elexir dúas) Ciencias aplicadas á actividade profesional(CAAP)  Iniciativa e actividade emprendedora e empresarial( IAEE)  Tecnoloxía  + 2 optativas

<b>MATERIAS OPTATIVAS 4º ESO</b>
Cultura Clásica( se non se cursou en 3º da ESO) Cultura científica Educación Plástica visual e audiovisual Música Francés TIC ( Tecoloxías da información e da comunicación) Filosofía


É importante ter en conta:

- Eleximos as **Ensinanzas aplicadas** se queremos facer un Ciclo Medio ao rematar 4º. Nada me impide matricularme no Bacharelato aínda indo por esta vía pero temos que ter en conta que non teríamos á formación adecuada para continuar estes estudos axeitadamente. Faltaríame a base necesaria para continuar estudos dun Bacharelato de Ciencias en Matemáticas, Bioloxía , Física e Química, en Matemáticas e Economía para seguir un Bacharelato de CCSS, de Latín para o

Bacharelato de Humanidades. O Bacharelato de Artes podería ser máis asequible, sempre que cursase Educación Plástica e Visual como optativa

- Eleximos as **Ensinanzas académicas** se queremos facer o Bacharelato ao rematar 4º.
- Dentro de este itinerario o mellor sería elixir Bioloxía e Física e Química se queremos facer o Bacharelato de Ciencias; Latín e Economía se queremos Bacharelato de Ciencias Sociais.

- Recordamos qué podemos facer despois da **ESO**



Nas orientacións para o alumnado de cuarto tedes información sobre as opcións que podedes seguir co título da ESO: Bacharelato, Ciclos de Grao Medio, Ensinanzas de Réxime Especial. Consultade esa información e o Programa Orienta .